



INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2013, CONXUNTA DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E DA CONSELLERÍA DE FACENDA, POLA QUE SE REGULAN A ACREDITACIÓN, A XORNADA E O HORARIO DE TRABALLO, A FLEXIBILIDADE HORARIA E O TELETRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN XERAL E DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, respecto do *proxecto de Orde pola que se modifica un dos ficheiros creados na orde de 1 de decembro de 2010, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*, esta Secretaría Xeral Técnica emite o preceptivo

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Orde do 20 de decembro de 2013, publicada no Diario Oficial de Galicia número 249, do 31 de decembro de 2013 publicouse no marco da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, que inciden no principio de eficiencia na asignación e no emprego de recursos públicos.

Cómpre mencionar igualmente a Lei estatal 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, regula os aspectos básicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, asegurando a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias.



Así pois, a citada Orde de 20 de decembro de 2013, regula a acreditación do persoal empregado público, a xornada e o horario laboral, a flexibilidade horaria, o sistema de control horario e, finalmente, a prestación de servizos en réxime de teletraballo do persoal empregado público da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; nesta orde, polo tanto, amplíanse os supostos de flexibilidade por razóns de conciliación recollidos no art. 44 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e recóllese por primeira vez a posibilidade de flexibilizar a xornada laboral, por interese particular e voluntariamente, para todos os traballadores da administración pública galega (flexibilidade automática).

2. Necesidade e oportunidade

Segundo se recolle no artigo 6 da orde conxunta de 20 de decembro de 2013, tanto na modalidade de flexibilidade automática como por conciliación, o tramo horario no que o persoal empregado público debe desenvolver a súa xornada laboral vai dende as 7.30 ás 18.30 horas (no caso de edificios administrativos ata as 20.00 horas) de luns a xoves e os venres de 7.30 a 15.30 horas.

Coa entrada en vigor da orde citada, e a experiencia acadada neste tempo, púxose de manifesto a súa eficacia na contribución da conciliación familiar e laboral; porén tamén se puxo de manifesto a conveniencia de igualar para todos os días da semana a franxa horaria na que o persoal pode desenvolver a súa xornada laboral, tendo en conta que existen colectivos que, polas funcións encomendadas, precisan prolongar a súa xornada laboral máis alá das 15.30 horas os venres.

3. Estrutura e contido

Este anteproxecto de orde está formado por seis artigos e unha disposición derradeira co seguinte contido:

- Artigo único: modificación do artigo 6 da Orde de 31 de decembro de 2013
- Disposición adicional: adaptación normativa
- Disposición derradeira: Entrada en vigor



A disposición derradeira establece a entrada en vigor da orde ao día seguinte ao da súa publicación.

4. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa do cumprimento dos seguintes trámites:

- Acordo de designación das entidades participantes do 25/05/2016
- Acordo de inicio do 25/05/2016
- Aprobación inicial do 27/05/2016
- Informe do Servizo Técnico Xurídico do 26/05/2016
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 31/05/2016
- Informe da Secretaría Xeral de Igualdade do 01/06/2016
- Certificado da Comisión de Persoal do 01/06/2016
- Certificado de exposición pública do 23/06/2016
- Informe da Asesoría Xurídica do 29/06/2016

En virtude do exposto e considerando que o texto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, que o seu rango normativo é o axeitado e que se adapta á legalidade vixente, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o *Proxecto de Orde pola se modifica a orde do 20 de decembro de 2013, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regulan a acreditación, a xornada e o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos no ámbito da administración xeral e do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia*, para os efectos de que sexa sometido á aprobación do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Adm. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de orde reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2016

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja